

## OBRADOIRO/CURSO DE POESÍA

Por D. Miguel Anxo Fernán-Vello

Do 27 de abril ao 1 de xuño de 2009

Na aula da poesía "Uxío Novoneyra" Vilamelania-Vilaboa

A Concellería de Cultura do Concello de Culleredo como complemento a súa Programación de Primavera da "AULA DA POESÍA" da Biblioteca de Poesía "Uxío Novoneyra" de Vilamelania-Vilaboa, organiza un OBRADOIRO/CURSO DE POESÍA, dende o 27 de abril ao 1 de xuño, impartindo polo poeta e editor D. Miguel Anxo Fernán Vello e dirixido a adultos e xóvenes, cun máximo de trinta prazas que terán carácter gratuito debendo dirixirse á Concellería de Cultura do Concello de Culleredo no Edificio de Servicios Múltiples do Burgo – tlfno.: 981665597 – E-mail: [cultura@culleredo.org](mailto:cultura@culleredo.org).

Trátase de levar a cabo un taller/curso de poesía que permita, através de exposicións e reflexións de carácter teórico e sesións prácticas, adentrarse no coñecemento da textualidade poética e na interpretación en profundidade da poesía.

### **CONTIDOS**

¿Que é a poesía? Aproximación conceptual (definición).

Apontamentos para unha historia da poesía.

Características do xénero poético.

Temas da poesía. Os motivos e os argumentos poéticos.

Métrica, versificación, ritmo e musicalidade.

A estrutura do poema.

O léxico poético e as figuras retóricas.

A lectura da poesía. Interpretación do poema.

Poesía tradicional e poesía contemporánea.

A poesía posta en relación con outras artes.

¿Como escribir un poema? Prácticas de escrita poética.

A base textual a empregar (comentario e uso de textos) será a poesía galega, a poesía española, a poesía portuguesa e a poesía francesa, fundamentalmente.

### **DURACIÓN E HORARIOS:**

O taller terá unha duración total de 12 horas.

As clases impartiranse todos os luns, en horario de 20:00 a 22:00 h.

A inauguración do taller terá lugar o luns 27 de abril, e continuará, xa en maio, os días 4, 11, 18 e 25, clausurándose o día 1 de xuño.

### **OUTRAS CONSIDERACIÓNS:**

Unha vez rematado o taller, procederáse á edición dun caderno/libro que conterá unha selección dos mellores poemas escritos polos alumnos e alumnas participantes.

**DIRIXIDO A:**

Para xóvenes e adultos a partir de 16 anos.

**PRAZAS LIMITADAS:**

Por orde de inscrición ata 30 alumnos/as.

**INSCRICIÓNS:**

Concellería de Cultura do Concello de Culleredo - Edificio de Servizos Múltiples do Burgo. Tfno: 981 665 597 • Fax: 981 661 748  
E-mail: [cultura@culleredo.org](mailto:cultura@culleredo.org)

**D. Miguel Anxo Fernán-Vello**

Miguel Anxo Fernán-Vello é director de Edicións Espiral Maior, editora especializada en poesía, con máis de 300 títulos publicados neste xénero. É autor de 12 libros individuais de poesía e a súa obra foi traducida, entre outros idiomas, ao francés, español, inglés, alemán, italiano, polaco, ruso e árabe. Premio da crítica española en dúas ocasións, foi tamén premio Esquíu, Martín Códax, Celso Emilio Ferreiro, Miguel González Garcés, Federación de Libreiros de Galicia e Asociación de Escritores en Lingua Galega, entre outros.

Foi tamén finalista en tres ocasións do Premio Nacional de Literatura e participa asiduamente en importantes Festivais de Poesía en Europa e en América.

Debemos lembrar que a Biblioteca de Poesía "Uxío Novoneyra", única en Galicia deste xénero, créase no ano 2007 gracias á cesión de 5000 volúmenes da súa Biblioteca Particular.

Culleredo, 27 de marzo de 2009.  
O CONCELEIRO DE CULTURA

Asdo.: Celestino Poza Domínguez.